

ABRIL, MES DOS LIBROS
ACTIVIDADES DE FOMENTO DA LECTURA NAS
BIBLIOTECAS PÚBLICAS MUNICIPAIS DE OLEIROS



BIBLIOTECA CENTRAL RIALEDA. PERILLO



PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES PARA ABRIL
DIRIXIDAS A ALUMNADO DOS CENTROS DE ENSINO DE OLEIROS

DÍA	HORA	ALUMNADO E CENTRO DE ENSINO	ACTIVIDADE	ESCRITOR/A OU MONITOR/A
3	9:30	4º ESO A e B IES Neira Vilas	Espectáculo poético visual	Yolanda Castaño
3	11:00	2 e 3 anos Escola Infantil Abelliñas	Un conto para bebés	Charo Pita
4	11:45	4º ESO A B IES Neira Vilas	Fogóns poéticos	Isabel Andrés
5	10:15	4º INFANTIL A e B CEIP Valle Inclán	Contiario	Pablísimo
6	10:30	4º INFANTIL A e B CEIP Juana de Vega	Bechos e máis bechos	Charo Pita
10	9:30	6º PRIMARIA A CEIP Valle Inclán	Cando petan na porta pola noite	Caxoto
10	10:45	6º PRIMARIA B e C CEIP Valle Inclán	Cando petan na porta pola noite	Caxoto
11	10:20	5º INFANTIL A e B CEIP Juana de Vega	Bechos e máis bechos	Charo Pita
11	12:00	6º INFANTIL	Bechos e máis bechos	Charo Pita

		A e B CEIP Juana de Vega		
12	10:15	5º INFANTIL A B CEIP Valle Inclán	Poemas Oca loca	Soledad Felloza
13	10:15	3º PRIMARIA A B CEIP Juana de Vega	Obradoiro ilustración	Óscar Villán
16	10:15	5º PRIMARIA A CEIP Valle Inclán	Talleres banda deseñada	Manel Cráneo
17	10:15	5º PRIMARIA B CEIP Valle Inclán	Talleres banda deseñada	Manel Cráneo
18	10:15	5º PRIMARIA C CEIP Valle Inclán	Talleres banda deseñada	Manel Cráneo
19	10:15	4º PRIMARIA A B CEIP Juana de Vega	Menú de contos	Charo Pita
24	10:15	4 anos A e B Colexio Cristo Rey	Contos de Ramiro Neira	Ramiro Neira
25	10:15	4 anos C e 5 anos A Colexio Cristo Rey	Contos de Ramiro Neira	Ramiro Neira
25	11:30	5 anos B e C Colexio Cristo Rey	Contos de Ramiro Neira	Ramiro Neira
26	10:15	5º INFANTIL A B CEIP Valle Inclán	Saúde afectiva: O rato Fuco aprende a querer	Trinke Trinke
26	11:30	6º INFANTIL A B CEIP Valle Inclán	Saúde afectiva: O rato Fuco aprende a querer	Trinke Trinke
27	10:30	6º PRIMARIA A CEIP Juana de Vega	BD microhistorietas	Miguel Cuba

ENCUNTROS CON ESCRITORAS



DESCRICIÓN:

Encontros literarios con escritoras, para dar a coñecer e promover as nosas autoras e as súas obras.

OBXECTIVOS:

- Poñer en contacto o lectorado coa autora dun xeito ameno e creativo.
- Descubrir a súa forma de escribir.
- Presentar e dar a coñecer distintas obras e autoras.
- Animar á lectura das súas obras.

ESPECTÁCULO POÉTICO VISUAL
A cargo da poeta Yolanda Castaño




DESCRICIÓN:

Un dos rostros máis coñecidos da poesía galega nun novo e atractivo xeito de comunicar os seus versos relacionándoos coa linguaxe visual e as novas tecnoloxías. Unha moderna posta en escena, capaz de conectar mesmo con públicos pouco versados no xénero poético.

OBXECTIVOS:

- Promover a lectura de obras de poesía.
- Dar a coñecer a obra poética de Yolanda Castaño e fomentar a súa lectura.

FOGÓNS POÉTICOS: TALLER DE POESÍA



A cargo da poeta e licenciada en filoloxía hispánica María Isabel Andrés Llamero

DESCRICIÓN:

Para poder moverse con soltura por unha cociña e elaborar deliciosas e persoais receitas, será preciso coñecer primeiro os ingredientes, descubrir as súas características e aprender as súas posibles combinacións. Así, o que se pretende neste taller é iniciar ao alumnado no guiso da poesía. A través de exemplos prácticos e modelos, lecturas de poemas e algunhas directrices, os alumnos e as alumnas intentarán descubrir as súas propias vías de expresión para a elaboración de poemas.

OBXECTIVOS:

- Promover a lectura de obras de poesía.
- Estimular a creación poética.
- Fomentar a creatividade e a imaxinación.

XXVII CAMPAÑA DE PROMOCIÓN DA LECTURA




DESCRICIÓN:

Emprendemos este curso unha nova campaña de promoción da lectura co fin de que o alumnado dos centros de ensino público deste concello adquiran gusto pola lectura e amor polos libros, así como que coñezan algunhas das bibliotecas municipais para que as visiten e utilicen no horario en que non permanecen nos respectivos centros de ensino.

OBXECTIVOS:

- Espertar o gusto pola lectura, de forma que vexan os libros como algo ameno, cos que poden pasar bos momentos ao mesmo tempo que se instrúen e amplían os seus coñecementos.
- Achegarnos pola vía da animación aos sectores menos dados á lectura, a aqueles nenos/as, adolescentes e mozos/as que non senten ningún interese por esta.
- Favorecer procesos de creación e expresión oral e escrita.
- Fomentar unha lectura lúdica, crítica e reflexiva que os faga pensar e reflexionar como cidadáns/as máis libres e solidarios.
- Vivir o libro en colectividade, enriquecéndose cunha lectura activa e participativa.
- Incidir na importancia dos libros de contos, narracións e historietas no desenvolvemento da imaxinación e creatividade dos nenos/as, adolescentes e mozos/as.

- Contacontos de: Pablísimo, Ramiro Neira, Soledad Felloza, Caxoto, Charo Pita e a Compañía Trinke –Trinke.



POEMAS DE LA OCA LOCA E MÁIS VERSOS DE GLORIA FUERTES
A cargo da actriz Soledad Felloza

DESCRICIÓN:

Que mellor que entrar no mundo da poesía, co lapis máxico da imaxinación, guiados por esta autora.


OBXECTIVOS:

- Fomentar a lectura de libros de poesía.
- Promover a lectura de obras de Gloria Fuertes.
- Incentivar a imaxinación.
- Espertar o interese pola poesía das nenas e os nenos máis pequenos.

CANDO PETAN NA PORTA POLA NOITE

de XABIER P. DOCAMPO

A cargo do contador de contos Caxato



DESCRICIÓN:

Xabier P. Docampo demostrou ao longo de toda a súa traxectoria posuír unha especial habilidade para recoller a esencia da oralidade galega e trasladala a súa obra. Neste espectáculo farase un percorrido polas historias contidas nun dos seus libros máis premiados *Cando petan na porta pola noite* (Premio Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil, entre outros galardóns). Nelas exploraremos a Terra Cha natal do autor, as lendas espalladas por toda a súa xeografía, as nosas tradicións...

OBXECTIVOS:

- Promover a lectura.
- Dar a coñecer a obra de Xabier P. Docampo.
- Fomentar a imaxinación.

OBRADOIROS DE ILUSTRACIÓN



DESCRICIÓN:

Preténdese dar a coñecer diferentes ilustradoras e ilustradores galegos.

Realizaranse talleres de ilustración a través dos cales as nenas e os nenos poidan analizar distintos tipos de ilustracións.

OBXECTIVOS:

- Aprender diferentes técnicas de ilustración.
- Fomentar a creatividade e a imaxinación.
- Que observen e analicen as diferentes ilustracións que aparecen nos libros.

BD INSTANTÁNEA (MICROHISTORIETA)
OBRADOIRO DE INICIACIÓN ÁS MICROHISTORIAS EN BANDA DESEÑADA



DESCRIPCIÓN:

O taller comprende o proceso completo da creación dunha microhistoria en viñetas: ideación do relato, planificación da historia nun “*storyboard*” e a realización final. O taller introduce ao alumnado na realización de microhistorias e no humor gráfico. Empregaranse unhas “*plantillas*” preestablecidas, de formato cadrado, co obxectivo de que unha vez rematadas estean adaptadas para a publicación directa do traballo, tanto en Instagram e outras redes sociais como nun fanzine autoeditado.

OBXECTIVOS:

- Aprender diferentes técnicas de ilustración.
- Fomentar a creatividade e a imaxinación.
- Obter uns sinxelos coñecementos para a creación de microhistorietas.

TALLERES DE BANDA DESEÑADA



DESCRIPCIÓN:

Levaranse a cabo talleres de banda deseñada para que aprendan os aspectos básicos do cómic. Para o alumnado que o curso anterior realizase a sesión de iniciación poderase programar para este unha de perfeccionamento.

OBXECTIVOS:

- Aprender diferentes técnicas para a realización dun cómic.
- Fomentar a creatividade e a imaxinación.
- Promover a lectura de obras de banda deseñada.

ACTIVIDADES FÓRA DE HORARIO ESCOLAR

CONTACONTOS PARA NENAS E NENOS DE 1 A 3 ANOS



HORA DE REALIZACIÓN: 18:30 HORAS

AFORO LIMITADO:

**IMPRESINDIBLE RESERVAR PRAZA NA BIBLIOTECA RIALEDA OU CHAMANDO POR
TELÉFONO AO 981 639 511**

Poderanse inscribir desde dez días antes da data de realización da actividade.

DÍA	TÍTULO E CONTADOR/A
12 Abril	CONTOS PARA BEBÉS Pavís Pavós

ACTIVIDADES PARA NENAS E NENOS A PARTIR DE 4 ANOS



HORA DE REALIZACIÓN: 18:30 HORAS

AFORO LIMITADO:

**IMPRESINDIBLE RESERVAR PRAZA NA BIBLIOTECA RIALEDA OU CHAMANDO POR
TELÉFONO AO 981 639 511**

Poderanse inscribir desde dez días antes da data de realización da actividade.

DÍA	TÍTULO E CONTADOR/A
5 Abril	BRINCA VAI!: DE AQUÍ A ACOLÁ Paco Nogueiras

OBRADOIROS PARA NENAS E NENOS MAIORES DE 6 ANOS



HORA DE REALIZACIÓN: 17:30 HORAS

AFORO LIMITADO:

**IMPRESINDIBLE RESERVAR PRAZA NA BIBLIOTECA RIALEDA OU CHAMANDO POR
TELÉFONO AO 981 639 511**

Poderanse inscribir desde dez días antes da data de realización da actividade.

DÍA	TÍTULO E MONITORADO
19 Abril	OBRADOIRO DE CÓMIC: <i>UN PASEO ENTRE VIÑETAS CON MANEL CRÁNEO</i> Manel Cráneo

OBRADOIROS PARA A INCLUSIÓN SOCIAL
DIRIXIDOS A NENAS E NENOS DE 8 A 12 ANOS



HORA DE REALIZACIÓN: 18:30 HORAS

**IMPRESINDIBLE RESERVAR PRAZA NA BIBLIOTECA RIALEDA OU CHAMANDO
POR TELÉFONO AO 981 639 511**

Poderanse inscribir desde dez días antes da data de realización da actividade.

DÍA	TÍTULO E MONITORADO
26 Abril	ONDE VIVEN OS TRASNOS Asociación Participa para la Inclusión Social

LIBROS PARA SERMOS LIBRES

Para conmemorar o Día do Libro, a Deputación da Coruña organiza unha campaña titulada *Libros para sermos libres* na que se van repartir 200 libros que doa a Deputación. A estes vánselle sumar aproximadamente outros 200 que poñen as Bibliotecas Municipais do Concello de Oleiros. En total regalaranse sobre 400 libros. Na Biblioteca Central Rialeda (Perillo), será o día 24 de abril, ás 17:30 horas.

CLUBS DE LECTURA E TERTULIAS LITERARIAS

DESCRICIÓN:

Comentario de obras de distintos xéneros literarios, principalmente narrativa contemporánea, nun ambiente de familiaridade, procurando o lado formativo e á vez, lúdico da lectura.

OBXETIVOS:

- Animar a ler
- Gozar da literatura como forma de desenvolver a capacidade de creación e comunicación a través da lectura
- Ir descubrindo as diferentes maneiras de escribir de cada autor ou autora

TEMPORALIZACIÓN:

4, 11, 18 e 24 de abril

LIBROS PROGRAMADOS:

Me llamo Rojo de Orhan Pamuk

Abril encantado de Elizabeth von Arnim

A nena do abrigo de astracán de Xabier P. DoCampo

Así empieza lo malo de Javier Marías

DESTINATARIOS:

Dirixido a mozos/as e adultos/as

ACTIVIDADES:

-Reunións para comentar os libros lidos.

-“Amigo Invisible”. Os días 18 e 24, para conmemorar o Día do Libro, os/as tertulianos/as agasallarán cun libro a outro/a tertuliano/a que lle tocou ao azar.

**BIBLIOTECA PÚBLICA MUNICIPAL E
CENTRO DE DOCUMENTACIÓN DA MULLER
“ROSALÍA DE CASTRO” SANTA CRUZ**



**XXVII CAMPAÑA
PROGRAMACIÓN DE
ACTIVIDADES DE FOMENTO DA LECTURA**



DO FANTÁSTICO AO NEOFANTÁSTICO: JULIO CORTÁZAR

A cargo da poeta e licenciada en filoloxía hispánica María Isabel Andrés Llamero

DESCRICIÓN:

A partir da lectura dunha selección de textos de Julio Cortázar, levarase ao alumnado a transitar pola historia literaria para comprender o paso da literatura fantástica e de terror -século XIX-, á neo-fantástica, -século XX- que busca abrir novas realidades e borrar as fronteiras entre a orde racional e irracional

OBXETIVOS:

- Fomentar a lectura.
- Dar a coñecer ao excelente escritor Julio Cortázar e promover a lectura das súas obras.
- Favorecer procesos de creación e expresión escrita.
- Incentivar a creatividade e a imaxinación.

TEMPORALIZACIÓN:

O día 3 de abril : 2 sesións

O día 4 de abril : 1 sesión

DESTINATARIOS:

O día 3 de abril :

1º sesión : 29 alumnos/as e profesores/as 1º BAC A IES M. Casares

2º sesión : 30 alumnos/as e profesores/as 1º BAC B IES M. Casares

O día 4 de abril :

1º sesión : 31 alumnos/as e profesores/as 1º BAC C IES M. Casares

ACTIVIDADES:

Taller literario.

O BO, SI BREVE...

ACHEGAMENTO Á MICROFICCIÓN

A cargo da poeta e licenciada en filoloxía hispánica María Isabel Andrés Llamero

DESCRICIÓN:

A partir da lectura dunha significativa selección de textos, exploraranse de modo colectivo, a definición do xénero, os seus antecedentes, a súa tradición, as súas características ou a súa actual difusión grazas ás novas tecnoloxías, en espazos como Twitter. O alumnado descubrirá como se fai literatura desde a brevidade e a condensación, con poucas palabras

OBXETIVOS:

- Promover a lectura.
- Favorecer procesos de creación e expresión escrita.
- Fomentar a creatividade e a imaxinación.

TEMPORALIZACIÓN:

O día 5 de abril : 2 sesións

O día 6 de abril : 2 sesións

DESTINATARIOS:

O día 5 de abril :

1º sesión : 29 alumnos/as e profesores/as 3º ESO A IES Miraflores

2º sesión : 30 alumnos/as e profesores/as 3º ESO B IES Miraflores

O día 6 de abril :

1º sesión : 30 alumnos/as e profesores/as 3º ESO C IES Miraflores

ACTIVIDADES:

Taller de escritura.

ENCONTRO COA ESCRITORA LEDICIA COSTAS
9 de abril



DESCRICIÓN:

Encontros literarios con escritores e escritoras, para dar a coñecer e promover os nosos autores e autoras e as súas obras.

OBXETIVOS:

- Poñer en contacto o lectorado co autor ou autora dun xeito ameno e creativo.
- Descubrir a forma de escribir dos distintos profesionais.
- Presentar e dar a coñecer distintas obras e autores/as.
- Animar á lectura das súas obras.

TEMPORALIZACIÓN:

9 de abril

DESTINATARIOS:

140 alumnos/as e profesores/as 1º ESO A/B/C IES Miraflores

ACTIVIDADES:

Encontros literarios

CEN ANOS DE MAXIA
ACTIVIDADE BASEADA NA OBRA *MERLÍN E FAMILIA*
DE ÁLVARO CUNQUEIRO
A cargo da actriz Soledad Felloza



DESCRICIÓN:

Narración de historias seleccionadas da obra de Álvaro Cunqueiro *Merlín e familia*

OBXETIVOS:

- Fomentar a lectura de obras da literatura galega.
- Dar a coñecer ao magnífico escritor Álvaro Cunqueiro e promover a lectura dos seus libros.

TEMPORALIZACIÓN:

10 de abril- 2 sesións

DESTINATARIOS:

O día 10 de abril :

1º sesión : 58 alumnos/as e profesores/as 3º ESO A/B IES M. Casares

2º sesión : 58 alumnos/as e profesores/as 3º ESO C/D PMAR IES M. Casares

ACTIVIDADES:

Breve biografía.

Narración oral.

MANS

A cargo do actor e contador de contos Pablísimo



DESCRICIÓN:

Unha orixinal actividade onde as mans non pararán de falar.

MANS é un espectáculo de teatro e narración oral onde as historias se contan con palabras e as personaxes aparecen nas mans.

Contos populares, contos de creación propia, fábulas e xogos cas mans...son dramatizados con sombras chinesas., monicreques, luvas... e moita imaxinación!

OBXETIVOS:

- Fomentar a lectura.
- Animar á escoita de historias.
- Fomentar a imaxinación.

TEMPORALIZACIÓN:

O día 11 de abril : 2 sesións

O día 24 de abril : 1 sesión

DESTINATARIOS:

O día 11 de abril :

1º sesión : 49 alumnos/as e mestres/as 4º E Infantil CEIP Parga Pondal

2º sesión : 50 alumnos/as e mestres/as 5º E Infantil CEIP Parga Pondal

O día 24 de abril : 50 alumnos/as e mestres/as 6º E Infantil CEIP Parga Pondal

ACTIVIDADES:

Contacontos

ESPECTÁCULO DE CONTOS MARABILLOSOS

A cargo da actriz e contadora de contos Charo Pita



DESCRICIÓN:

Espectáculo de contos maravillosos procedentes de todas as partes do mundo, contos onde os personaxes viven aventuras en lugares inauditos, e dos que o humor, a tenrura, o medo, a alegría e a aprendizaxe forman parte importante.

Baseado nos libros de Tim Bowley o *Rei oso branco e outros contos maravillosos* e *Non hai escapatoria*, publicados pola editorial Kalandraka e *Seeds on the Wind*, publicado pola Editorial Raíces.

OBXETIVOS:

- Promover a lectura.
- Animar á escoita de historias.
- Favorecer o coñecemento de diferentes tradicións orais.
- Promover a imaxinación e a visión lúdica e lírica do mundo.
- Coñecer culturas afastadas da nosa.
- Fomentar a narración de historias.
- Educar en valores.

TEMPORALIZACIÓN:

12 de abril

DESTINATARIOS:

50 alumnos/as e mestres/as 6º E Primaria A/B CEIP Luis Seoane

ACTIVIDADES:

Narración oral.

SAÚDE AFECTIVA: O RATO FUCO APRENDE A QUERER

A cargo da Compañía Trinketrinke



DESCRIÓN:

Unha boa saúde afectiva é básica para o benestar e o desenvolvemento da persoa. Tamén é importante para previr comportamentos violentos e para saber detectar relacións insás. Isto sábeo ben o rato Fuco, que ten cousas moi interesantes para contarnos

OBXETIVOS:

- Promover a lectura.
- Estimular a autoestima, base dunha boa saúde afectiva.
- Identificar e distinguir relacións afectivas sas e insás.
- Aprender que as persoas que nos queren de verdade son aquelas que nos coidan e respectan.

TEMPORALIZACIÓN:

O día 13 de abril : 1 sesión

O día 18 de abril : 2 sesións

O día 19 de abril : 2 sesións

DESTINATARIOS:

O día 13 de abril

1º sesión : 37 alumnos/as e mestres/as 2º E Primaria A/B CEIP Luis Seoane

O día 18 de abril

1º sesión : 49 alumnos/as e mestres/as 5º E Infantil A/B CEIP Luis Seoane

2º sesión : 40 alumnos/as e mestres/as 6º E Infantil A/B CEIP Luis Seoane

O día 19 de abril

1º sesión : 52 alumnos/as e mestres/as 1º E Primaria A/B CEIP Parga Pondal

2º sesión : 48 alumnos/as e mestres/as 2º E Primaria A/B CEIP Parga Pondal

ACTIVIDADES:

Narración oral

CONTOS ESCOLLIDOS
de EMILIA PARDO BAZÁN
A cargo da actriz Soledad Felloza



DESCRICIÓN:

Cuentos escogidos é unha das obras de Emilia Pardo Bazán, pero este título vai permitir agregar outros contos doutros libros, ou incluso partes de *Los pazos de Ulloa* ou de *La última fada*

OBXETIVOS:

- Promocionar a lectura de obras clásicas da literatura española.
- Dar a coñecer algunha produción literaria de Emilia Pardo Bazán e fomentar a lectura das súas obras

TEMPORALIZACIÓN:

17 de abril

DESTINATARIOS:

95 alumnos/as e profesores/as 4º ESO A/B/C/D M. Casares

ACTIVIDADES:

Narración de contos seleccionados ou partes de obras.

SENSACIÓN DEBUXADAS: DEBUXANDO COS CINCO SENTIDOS

A cargo do ilustrador Manel Cráneo

DESCRICIÓN:

Laboratorio de debuxo creativo no que, a través dos cinco sentidos, se experimenten sensacións que logo se deben traducir á linguaxe do debuxo

OBXETIVOS:

- Aprender nocións básicas de debuxo.
- Fomentar a creatividade e a imaxinación.
- Observar e analizar diferentes debuxos que aparecen nos libros.

TEMPORALIZACIÓN:

20, 25, 26, 27 de abril

DESTINATARIOS:

O día 20 de abril : 24 alumnos/as e profesores/as 5º A E. Primaria CEIP Parga Pondal

O día 25 de abril : 24 alumnos/as e profesores/as 5º B E. Primaria CEIP Parga Pondal

O día 26 de abril : 25 alumnos/as e profesores/as 3º A E. Primaria CEIP Luis Seoane

O día 27 de abril : 25 alumnos/as e profesores/as 3º B E. Primaria CEIP Luis Seoane

ACTIVIDADES:

Taller de creatividade

TERTULIAS LITERARIAS



DESCRCIÓN:

Comentario de obras de distintos xéneros literarios, principalmente narrativa contemporánea, nun ambiente de familiaridade, procurando o lado formativo e á vez, lúdico da lectura.

OBXETIVOS:

- Animar a ler
- Gozar da literatura como forma de desenvolver a capacidade de creación e comunicación a través da lectura
- Ir descubriendo as diferentes maneiras de escribir de cada autor ou autora

TEMPORALIZACIÓN:

9 e 23 de abril

LIBROS PROGRAMADOS:

La habitación de Nona de Cristina Fernández Cubas

Tantos días felices de Laurien Colwin

DESTINATARIOS:

Dirixido a mozos/as e adultos/as

ACTIVIDADES:

-Reunións para comentar os libros lidos.

-“Amigo Invisible”. O día 23, para conmemorar o Día do Libro, os/as tertulianos/as agasallarán cun libro a outro tertuliano/a que lle tocou ao azar no sorteo realizado o día 9 de abril.

DÍA INTERNACIONAL DO LIBRO INFANTIL E XUENIL

DESCRICIÓN:

Conmemoración do Día Internacional do Libro Infantil e Xuvenil.

TEMPORALIZACIÓN:


Semanas anterior e posterior ao día 2 de abril, primeira quincena.

OBXECTIVOS:

- Presentar obras de Andersen.
- Presentar obras de autores/as que recibiron o Premio Andersen.
- Dar a coñecer autores/as e obras infantís e xuvenís, principalmente de literatura infantil e xuvenil galega.
- Promover a lectura entre os nenos, as nenas e adolescentes.
- Difundir libros infantís e xuvenís que hai nas bibliotecas.- Aumentar o coñecemento sobre autores/as e ilustradores/as infantís e xuvenís.

DESTINATARIOS/AS:

Nenas/os e adolescentes desde 2 a 16 anos.



ACTIVIDADES:

- Exposición de obras de Andersen.
- Exposición de obras de autores/as que recibiran o Premio Andersen.
- Exposición de obras de literatura infantil e xuvenil de autoras/es galegos.
- Encontros con autoras/es galegos de literatura infantil e xuvenil.
- Realización de diversas actividades de animación á lectura relacionadas con obras de Andersen ou de autores/as que recibiran o Premio Andersen.
- Actividade “Non interromper, estamos lendo”. Os usuarios/as realizarán o deseño de colgadores para portas que se lle proporcionará na biblioteca

OBRAS UTILIZADAS:

- Obras de Andersen
- Obras de escritores que recibiran o Premio Andersen.

- Obras infantís e xuvenís de autores Galegos.
- Proxección de películas en DVD baseadas en contos clásicos infantís.
- Actividades manuais para nenos/as.
-

CONMEMORACIÓN DÍA DO LIBRO

DESCRICIÓN:

Actividades relacionadas coa lectura de libros clásicos.

OBXETIVOS:

- Presentar obras de corte clásico, especialmente de Cervantes.
- Dar a coñecer obras e escritores que recibiron o Premio Cervantes.
- Promover a lectura entre os adolescentes, mozos/as e adultos/as.
- Aumentar o coñecemento sobre diversos escritores/as.
- Difundir as obras que temos nas biblioteca.
- Compartir lecturas e aventuras dun xeito lúdico

TEMPORALIZACIÓN:

Realizarase na segunda quincena do mes de abril (semanas do 16 e 23 de abril)

DESTINATARIOS:

Todos os usuarios/as da biblioteca

ACTIVIDADES:

- Contacontos relacionados coa lectura de temas clásicos.
- Exposición de obras de escritores galardoados co Premio Cervantes.
- Exposición de libros de Cervantes e Shakespeare
- Exposición “Abril mollado, de libros ven cargado”.
-

OBRAS UTILIZADAS

- El Quijote
- Novelas ejemplares, etc.

HORA DO CONTO

DESCRICIÓN:

Narración ou dramatización de varios contos cun enfoque lúdico.

OBXETIVOS:

Animar ós nenos a expresar os seus sentimentos.

Desenrolo da imaxinación por medio de actividades, e a partir dos temas perfilados nas narracións.

Estimular a creatividade e o sentido estético dos/as nenos/as.

Incentivar o gusto pola lectura.

Potenciar a importancia da igualdade e a tolerancia nas relacións entre as persoas.

Resaltar o papel da palabra.

TEMPORALIZACIÓN:

2 sesións de 45 minutos cada unha

4 de Abril

25 de Abril

DESTINATARIOS:

Nenos e nenas a partir de 4 anos.

ACTIVIDADE:

4 Abril: CONTIARIO narrador Pablísimo

25 Abril: ZOO narrador Chus Álvarez

BEBECONTOS

DESCRICIÓN:

Narración ou dramatización de varios contos cun enfoque lúdico.

OBXETIVOS:

- Animar ós nenos a expresar os seus sentimentos.
- Desenrolo da imaxinación por medio de actividades, e a partir dos temas perfilados nas narracións.
- Estimular a creatividade e o sentido estético dos/as nenos/as.
- Incentivar o gusto pola lectura.
- Potenciar a importancia da igualdade e a tolerancia nas relacións entre as persoas.
- Resaltar o papel da palabra.
-

TEMPORALIZACIÓN:

18 de Abril : 1 sesión de 30 minutos

DESTINATARIOS:

Nenos e nenas de 1 a 3 anos

ACTIVIDADE:

18 Abril : TOC, TOC, TOC, BLA, BLA, BLA narrador Charo Pita

OBRADOIROS

DESCRICIÓN:

Obradoiros realizados por personal cualificado

OBXETIVOS:

- Animar ós nenos a expresar os seus sentimentos.
- Desenrolo da imaxinación por medio de actividades relacionadas con narracións
- Estimular a creatividade e o sentido estético dos/as nenos/as.
- Incentivar o gusto pola lectura.
- Potenciar a importancia da igualdade e a tolerancia nas relacións entre as persoas.

TEMPORALIZACIÓN:

11 de Abril : 1 sesión de 90 minutos

DESTINATARIOS:

Nenos e nenas maiores de 6 anos

ACTIVIDADE:

11 Abril : COAS MANS NA MASA monitor OQO

LIBROS PARA SERMOS LIBRES

Para conmemorar o Día do Libro, a Deputación da Coruña organiza unha campaña *titulada Libros para sermos libres* na que se van repartir 200 libros que doa a Deputación. A estes vánselle sumar aproximadamente outros 200 que poñen as Bibliotecas Municipais do Concello de Oleiros. En total regalaranse sobre 400 libros. Na Biblioteca P. Municipal e Centro de Documentación da Muller “Rosalía de Castro” (Santa Cruz), será o día 25 de abril, ás 18:30 horas.

BIBLIOTECA PÚBLICA MUNICIPAL M^a JOSÉ TRINCADO MERA



DÍA INTERNACIONAL DO LIBRO INFANTIL E XUVENIL

DESCRICIÓN:

Conmemoración do Día Internacional do Libro Infantil e Xuvenil o 2 de abril no que lembramos o nacemento do escritor danés Hans Christian Andersen.

OBXECTIVOS:

- Divulgar a existencia do Día Internacional do Libro Infantil e Xuvenil e a figura e obra de Hans Christian Andersen facendo especial fincapé no seu conto “O patinho feo”.
- Que as nenas e os nenos se divirtan escoitando contos e facendo sinxelos traballos manuais que despois serán expostos na biblioteca.

TEMPORALIZACIÓN:

Do 2 ao 6 de abril.

DESTINATARIAS/OS:

Nenas e nenos menores de 10 anos.

ACTIVIDADES:

- Mostra bibliográfica das obras de Hans Christian Andersen e das súas posteriores adaptacións dispoñibles na biblioteca.
- Actividade “Pintamos o conto do patinho feo” na que as nenas e nenos pintarán diferentes escenas do conto.
- Sesión de contacontos o día 6 de abril para nenas e nenos a partir de 4 anos a cargo de Ana Carreira que leva o título “Contos entre libros”



DÍA INTERNACIONAL DO LIBRO

DESCRICIÓN:

Conmemoración do Día Internacional do Libro o 23 de abril.

OBXECTIVOS:

- Divulgar a existencia do Día Internacional do Libro.
- Mostrar dun xeito amable e atractivo os fondos bibliográficos.
- Incentivar a participación dos usuarios/as no funcionamento da biblioteca.
- Que as nenas e os nenos se divirtan escoitando contos e fomentar o hábito lector.

TEMPORALIZACIÓN:

Do 20 ao 27 de abril.

DESTINATARIAS/OS:

Todos os públicos

ACTIVIDADES:

- E ti...que les?: Os usuarios/as recomendan algún documento que levaran en préstamo da biblioteca e que lles gustara especialmente. Para elo teñen que cubrir unha nota explicando o motivo da súa recomendación. Todas as lecturas recomendadas coas súas notas serán expostas na biblioteca.
- Exposición de obras infantís e xuvenís da editorial Kalandraka baixo o título "Libros para soñar" inaugurada cunha sesión de contacontos o día 20 de abril para nenas e nenos de 1 a 3 anos a cargo da compañía Pavís Pavós.



LIBROS PARA SERMOS LIBRES

Para conmemorar o Día do Libro, a Deputación da Coruña organiza unha campaña titulada *Libros para sermos libres* na que se van repartir 200 libros que doa a Deputación. A estes vánselle sumar aproximadamente outros 200 que poñen as Bibliotecas Municipais do Concello de Oleiros. En total regalaranse sobre 400 libros.

Na Biblioteca P. Municipal "M^a José Trincado" (Mera), será o día 20 de abril, ás 18:30 horas.

BIBLIOTECA PÚBLICA MUNICIPAL M^ª JOSÉ RUSO DORNEDA



DÍA INTERNACIONAL DO LIBRO INFANTIL E XUVENIL

DESCRICIÓN:

Conmemoración do Día Internacional do Libro Infantil e Xuvenil o 2 de abril.

TEMPORALIZACIÓN:

Do 3 ao 10 de abril.

DESTINATARIAS/OS:

Nenas e nenos menores de 12 anos.

ACTIVIDADES:

-Exposición de libros de Hans C. Andersen e de autoras/es relevantes da literatura infantil e xuvenil.

-Dentro das actividades da Hora do Conto, o 9 de abril ás 18:30 terá lugar o contacontos para bebés de 1 a 3 anos titulado "A viaxe de Lup" realizado pola actriz e contadora de contos, Soledad Felloza.

DÍA INTERNACIONAL DO LIBRO

DESCRICIÓN:

Conmemoración do Día Internacional do Libro o 23 de abril.

TEMPORALIZACIÓN:

Do 23 ao 27 de abril.

DESTINATARIAS/OS:

Todos os públicos

ACTIVIDADES:

-O 23 de abril, ás 18:30 h. teremos o espectáculo "O Xigante" realizado pola compañía Elefante Elegante para nenos e nenas de 4 a 12 anos.

LIBROS PARA SERMOS LIBRES

Para conmemorar o Día do Libro, a Deputación da Coruña organiza unha campaña *titulada Libros para sermos libres* na que se van repartir 200 libros que doa a Deputación. A estes vánselle sumar aproximadamente outros 200 que poñen as Bibliotecas Municipais do Concello de Oleiros. En total regalaranse sobre 400 libros. Na Biblioteca P. Municipal “M^a José Ruso” (Dorneda), será o día 23 de abril, ás 18:30 horas.

BIBLIOTECA PÚBLICA MUNICIPAL MANUEL MARÍA OLEIROS



DÍA INTERNACIONAL DO LIBRO INFANTIL E XUVENIL, 2 DE ABRIL
DÍA INTERNACIONAL DO LIBRO , 23 DE ABRIL

DESCRICIÓN:

Conmemoración e recordatorio da importancia do libro en calquera soporte e ocasión.

OBXECTIVOS:

- Dar a coñecer a importancia dos libro infantil na educación e formación da infancia e xuventude.
- Poñer de xeito atractivo un conxunto de libros premiados, tanto de escritoras/es como de ilustradoras/es presentes no fondo da biblioteca.
- Fomentar a lectura infantil e xuvenil.
- Estimular o uso da biblioteca por parte dos/as usuarios/as de menor idade.
- Aproveitando o pasamento de escritores moi recoñecidos como Ursula K. LeGuin, María Victoria Moreno (homenaxeada no 17 de maio, Día das Letras Galegas 2018), engadir tamén obras de estas autoras presentes no fondo .

TEMPORALIZACIÓN: Mes de abril

DESTINATARIOS:

Público infantil e xuvenil en especial, e adulto en xeral

ACTIVIDADES DE ANIMACIÓN DO MES:

O día 3 de abril celebrarase unha sesión de "A hora do Conto", a las 18.30 h da tarde, e dirixida nenas e nenos de 4 a 10 anos, a cargo da artista e autora Soledad Felloza, baixo o título de "Volta á casa".

Tamén imos una exposición bibliográfica de libros infantís de autores galardoados co Premio Andersen; un folleto explicando a importancia de este premio e propostas para o público máis novo de actividades plásticas diversos modelos, segundo seu nivel de madurez, para colorear, recortar e pegar.

Na segunda semana del mes de abril, o día 10 imos ter unha sesión de contacontos, en horario lectivo, co alumnado de 3º de primaria de C.E.I.P. "Rabadeira" de Oleiros a cargo de Charo Pita, co título "Menú de contos".

E os días 11, 12 e 13 teremos obradoiros de ilustración co ilustrador Xosé Tomás, co alumnado de 5º de primaria, grupos A, B y C, de mencionado C.E.I.P "Rabadeira" de Oleiros (A Coruña).

BIBLIOTECA PÚBLICA MUNICIPAL ÁNHEL FOLE NÓS



MES DO LIBRO

“AS PEGADAS DAS NOSAS LECTURAS”

Dando o protagonismo os nosos lectores e poñendo en valor, como non podía ser doutro xeito, as súas vivencias coa lectura.

Estará a disposición dos usuarios un panel no que cada lector escriba as súas impresións sobre unha lectura significativa para eles: reflexión, lembranzas, recomendacións

De tal xeito que os libros citados polos nosos lectores/as serán obxecto dunha mostra bibliográfica durante o mes de abril.

Para facelo, o usuario terá dúas opcións: ben directamente escribirá no panel ou ben a través dunhas cuartillas que se lle dará previamente.

Dirixido para tódolos públicos durante todo o mes.

“ LIBROS PARA SOÑAR”

Exposición de obras infantis e xuvenis da editorial Kalandraka coa colaboración de dita editorial .

Duración: do 6 ao 16 de abril.

“CLÁSICOS CERVANTES”

Mostra bibliográfica dos premios Cervantes.

Dirixida para adultos do 23 de abril ao 30

“ CONTACONTOS”

6 de abril: “Avós” coa Compañía Trinke Trinke Teatro para nenos/ as a partir de catro anos.

13 de abril: “Un libro baixa a almofada” con Caxoto. Para nenos /as a partir de catro anos

27 de abril: “Mil historias en maletas” con Charo Pita. Para nenos/as de 1 a 3 anos.



BIBLIOTECA PÚBLICA MUNICIPAL XOGRAR MENDIÑO LORBÉ




DESCRICIÓN:

Co motivo de festexar o "Día Internacional do Libro Infantil e Xuvenil" e o "Día Internacional do Libro" realizaranse na biblioteca diversas actividades para dar a coñecer estas datas.

OBXECTIVOS:

- Dar a coñecer dúas datas moi significativas para o mundo do libro e da lectura a todas as usuarias e usuarios da biblioteca, sobretodo aos máis novos.
- Familiarizar aos usuarios e usuarias con obras significativas da literatura de dous autores universais como Cervantes e Shakespeare e que coñezan algunhas das principais obras de H. C. Andersen.
- Que valoren a importancia da literatura infantil e xuvenil.
- Difundir libros infantís e xuvenís que hai nas bibliotecas e aumentar o coñecemento sobre autores/as e ilustradores/as infantís e xuvenís.
- Fomentar a imaxinación.
- Que os máis pequenos aprendan a escoller os seus libros, opinen sobre as obras que len e que llas recomenden a outros nenos ou nenas



TEMPORALIZACIÓN:

Ao longo de todo o mes de abril.

DESTINATARIAS/OS:

Para todos os usuarios e usuarias da biblioteca.

ACTIVIDADES:

- Exposición sobre libros infantís baseados nas obras de Shakespeare e Cervantes titulada “Entre Shakespeare e Cervantes anda o conto”.
- Exposición bibliográfica sobre as principais obras de H.C. Andersen dirixida aos nenos e nenas.
- Carteis informativos sobre as datas que se conmemoran e das figuras de Cervantes, Shakespeare e H.C. Andersen.
- Exposición de fondos dos autores que acadaron o Premio Cervantes
- Recomendame un libro.
- Ademais haberá dúas sesións de contacontos, os días 5 e 19 de abril, dentro da programación de A HORA DO CONTO.

5 abril	Contacontos “CORES E PERSOAS” a cargo da Gran Lili Gruyere da Compañía Trinke Trinke	Dirixido a nenas/os a partir de 4 anos
19 abril	Contacontos “EN BRANCO” a cargo de Ramiro Neira	Dirixido a nenas/os a partir de 4 anos